

# MODULO

## Jean Monnet

*A cooperación entre administracións tributarias na contorna dixital da Unión Europea (JEATRIB), 101047761*


**Curso**  
**As relacións entre a Administración Tributaria e os contribuíntes nunha contorna dixital**

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo  
Campus de Vigo

Facultade de Dereito  
Campus de Ourense

Facultade de Dirección e Xestión Pública  
Campus de Pontevedra

**Mais información:**  
[monnet.tributario.webs.uvigo.es](http://monnet.tributario.webs.uvigo.es)



**7, 8, 9, 13, 16 e 17 de  
xuño de 2022**

Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais



# MÓDULO

## Jean Monnet

*A cooperación entre administracións tributarias na contorna dixital da Unión Europea* (JEATRIB/101047761)

**Curso**  
**As relacións entre a Administración Tributaria e os contribuíntes nunha contorna dixital**

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo  
 Campus de Vigo

Facultade de Dereito  
 Campus de Ourense

Facultade de Dirección e Xestión Pública  
 Campus de Pontevedra

**7, 8, 9, 13, 16 e 17 de xuño de 2022**

Universidade de Vigo

Área de Dereito Financeiro e Tributario

## Organización

- **Coordinador Xeral do Módulo:**  
**Prof. Dr. Luís Miguel Muleiro Parada.**  
 Profesor Contratado Doutor de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo
- **Coordinadora da Actividade Formativa**  
**Profª. Drª. Mónica García Freiría.**  
 Profesora Axudante Doutora de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo
- **Organiza:**  
 Área de Dereito financeiro e tributario da Universidade de Vigo
- **Patrocina:**  
 European Education and Culture Executive Agency (EACEA) – European Commission (EC)

## Presentación e obxectivos

A Unión Europea marcouse como un dos seus obxectivos estratéxicos e prioritarios para a presente década do século XXI a progresiva dixitalización dos servizos prestados polas Administracións públicas. Neste sentido, preténdese que para 2030 todos os servizos públicos esenciais deben estar dispoñibles en liña e o 80 % dos cidadáns deberán estar en condicións de utilizar unha solución de identificación electrónica.

A tal fin, xorde a necesidade de conseguir un desenvolvemento pleno da Administración electrónica e aproveitar as innovacións que as tecnoloxías dixitais poden aportar para construír un novo modelo de Administración máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo e, por conseguinte, máis acorde ás demandas da cidadanía e das empresas.

O presente curso de verá n ten coma propósito esencial divulgar cales son as potestades das que goza a Administración tributaria nun contexto caracterizado polo crecente dixitalización e, por outra banda, cales son as garantías que asisten ós contribuíntes.

## Información e inscricións

O presente curso de verá n está dirixido non só a estudantes universitarios ou alumnos de Doutoramento cuxas titulacións aborden temas específicos da Unión Europea, e máis concretamente relacionados co Dereito Financeiro e Tributario (Dereito, Dirección e Xestión Pública, Ciencias Políticas e da Administración, Ciencias Económicas, etc.), senón tamén a funcionarios públicos e a profesionais cuxa actividade estea directa ou indirectamente relacionada coas consecuencias xurídicas da dixitalización do sector público e, en particular, da Administración tributaria.

As persoas que asistan a este evento recibirán un diploma acreditativo sempre que asistan ao 80% das sesións e participen nas actividades docentes ou talleres que se desenvolvan.

Este evento terá un recoñecemento de créditos ECTS (pendente de aprobación pola Comisión de Extensión Universitaria).

A actividade (20 hs.) celebrarase de forma presencial en tres aulas dos tres campus da Universidade de Vigo. O profesorado impartirá presencialmente a docencia dende una desas aulas, con conexión síncrona en remoto para todas elas. Os interesados en asistir á actividade formativa poderán acudir a calquera das tres aulas dispoñibles.

**As inscricións realizaranse enviando un correo electrónico a [monnet.tributario@uvigo.es](mailto:monnet.tributario@uvigo.es) antes das 23:59 horas do día 2 de xuño de 2022.** No devandito correo aportaranse, necesariamente, os seguintes datos: a) Nome, apelidos e DNI do solicitante. b) Teléfono de contacto e correo electrónico. c) Titulación universitaria (en curso ou xa concluída). d) Indicación da aula e Facultade á que asistirá de forma presencial (Vigo, Ourense ou Pontevedra). e) No seu caso, profesión ou ocupación actual.

**Prazas limitadas:** admitiránse inscricións por orde de entrada ata completar o aforo.

## Programa

### Martes, 7 de xuño de 2022

**Lugar:** Sala de videoconferencias da Facultade de Dereito. Campus de Ourense

17.00-20.00 h Sesión 1. *Igualdade, ideoloxía e tributación no espazo europeo*

**Prof. Dr. Pablo Raúl Bonorino Ramírez.** Catedrático de Filosofía do Dereito da Universidade de Vigo

### Mércores, 8 de xuño de 2022

**Lugar:** Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus de Vigo

16.00-18.00 h Sesión 2. *Potestades das Administracións tributarias nunha contorna dixital (I)*

**Profª. Drª. Ana María Pita Grandal**  
 Catedrática de Dereito financeiro e tributario da Universidade de Vigo

18.30-20.30 h Sesión 3. *Potestades das Administracións tributarias nunha contorna dixital (I)*

**Profª. Drª. Ana María Pita Grandal**  
 Catedrática de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo

### Xoves, 9 de xuño de 2022

**Lugar:** Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus de Vigo

16.00-18.00 h Sesión 4. *Potestades das Administracións tributarias nunha contorna dixital (II)*

**Profª. Drª. Mónica García Freiría**  
 Profesora Axudante Doutora de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo

18.30-20.30 h Sesión 5. *Potestades das Administracións tributarias nunha contorna dixital (II)*

**Profª. Drª. Mónica García Freiría**  
 Profesora Axudante Doutora de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo

### Luns, 13 de xuño de 2022

**Lugar:** Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus de Vigo

16.00-18.00 h Sesión 6. *Marco legal da Unión Europea sobre a protección de datos e os dereitos dixitais de cidadáns e empresas nas súas relacións coas AA.PP. (I)*

**Profª. Drª. Patricia Valcárcel Fernández**  
 Catedrática de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo

18.15-19.15 h Sesión 7. *Marco legal da Unión Europea sobre a protección de datos e os dereitos dixitais de cidadáns e empresas nas súas relacións coas AA.PP. (II)*

**Prof. Dr. Rafael Fernández Acevedo**  
 Profesor Titular de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo

### Xoves, 16 de xuño de 2022

**Lugar:** Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus de Vigo

16.00-18.00 h Sesión 8. *As garantías dos contribuíntes nunha contorna dixital (I)*

**Prof. Dr. Fernando Serrano Antón**  
 Catedrático de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade Complutense de Madrid

18.30-20.30 h Sesión 9. *As garantías dos contribuíntes nunha contorna dixital (I)*

**Prof. Dr. Fernando Serrano Antón**  
 Catedrático de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade Complutense de Madrid

### Venres, 17 de xuño de 2022

**Lugar:** Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus de Vigo

16.00-18.00 h Sesión 10. *As garantías dos contribuíntes nunha contorna dixital (II)*

**Profª. Drª. Luz Ruibal Pereira**  
 Profesora Titular de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Santiago de Compostela